

VICENTE RISCO

O lobo da xente

O sucedido que vou referir contáronmo como certo. Dixéronme onde foi, que foi preto de Trives; vive aínda quen mo contou, e que, cando era novo, coñeceu a todas as persoas que andaron na historia, porque tampouco hai tanto tempo que pasou: haberá como cincuenta ou sesenta anos.

Mais imos ao conto.

Era pola castañeira. O tempo era revolto e outonizo, chovía por veces e facía tan escuro que era noite pouco despois de xantar. Ía un pouco como de día de defuntos e a tristura do mes da ánimas espallábase xa empardecendo o ceo por toda a banda.

O Anxo andaba nun souto, onde o río da Cabalar. Tiña o cabelo claro, os ollos azuis, as meixelas roxas. Tiña un gran peito e brazos fortes, e era coraxoso e valente. Estaba termando dun sequeiro e saíra nunha escampada a apañar folla no souto.

O souto onde andaba o Anxo era pecho e sombrizo, cuberto o chan de herba verde entre a que medraban estalotes, e chouparros, flora das terras húmidas...

As chancas do Anxo ao triparen esmagando as follas cobrizas e douradas, molladas no chan, facían un ruído apagado.

Un veciño pasou aló enriba pola vereca, e berroulle desde o valado:

- Ai, Anxo, seica estás a secar as castañas?

- Estou.

- Pois recóllete pronto e atranca ben, non che vaia vir o lobo da xente.

Había pouco desapareceran uns nenos dos que ían co gando ao monte. Un camiñante aparecera medio comido no camiño real. Logo os casos repetíanse. Principiaron a dicir que era un lobo, que, de que se afán a comer a carne de cristián, xa non queren comer doutra, porque seica lles sabe mellor, que hai quen di que é unha carne doce, e outros din que é imitante á de marrán, mais como ninguén a probou, non se sabe de certo... Mais outros dicían que debía ser un home, un unha especie de sacaúntos. Aínda os había que era un home que se volvera lobo...

E aínda pasaron máis cousas, e dicían que unha das veces viran as pisadas do lobo, mais dun lobo moi grandísimo... Por fin a moita xente xa non lle collía a dúbida pois por dúas veces, homes que ían de viaxe, atacounos un lobo tremendo, que non sei como puideron fuxir. Dunha das veces, un disparoulle e o lobo coma se nada.

O medo correu por toda aquela terra, e a xente non quería saír fóra despois de empardecen, e aínda non se quería desviar moito da casa nun día claro. A sona do lobo da xente

Castañeira é o tempo en que se recollen as castañas, no outono.



collía deica Maceda por unha banda e deica Quiroga e Valdeorras por outra, e aínda chegara a Viana..., había quen xuraba que lle entrara na casa; outros que o atoparan indo para tal sitio ou para tal outro. Uns que era abrancazado e vello. Outros que era mouro. Que se tiña dentes de tal xeito ou de tal outro, nunha ringleira ou en tres, que se tumba que se taramba; o que se apalpaba era o medo.

O certo é que o lobo é cousa de temer. Ningunha outra fera arrepía aos homes como o lobo. El algo ten...O lobo ten ollar magnético; os seus ollos relocen como brasas de noite: na noite pecha, sen estrelas, pode un ter a carón seu o sinistro paseante nocturno, e non verlle o vulto, mais as dúas flamiñas acesas dos seus ollos anuncian que alí está. É un ollar que traspasa a un coma unha espada, e detén o sangue nas veas e deixa a un coma a neve... Non cómpre nin tan sequera velo: abonda con sentilo ouvear medoñento para que lle pase a un por todo o corpo o arreguizo astral, igual ao que se sente cando lle dan unha labazada no medio da noite silandeira unhas mans invisibles.

O Anxo era un mozo doutro tempo, e era un pouco medrán. Mais saber sabía o que tiña que facer. Así que, de que escureceu meteuse no sequeiro, pechou ben a porta e polo si polo non, botou dúas trancas, asegurou a bufarda, pillou unha machada e pousouna no banco da lareira, ben á man. Despois puxo uns guizos no rescaldo e soprou nas brasas ata que levantou a lapa; entón foi partindo máis guizos e botándoos ao lume. Así que o lume se ergueu ledó e danzarín, enchendo o sequeiro de claridades e sombras estrañas, sacou un cacho de touciño e foino comendo co pan pouco a pouco. Rematou. Aínda habíaun grolo de viño na gamela; escorrichouno, limpou os beizos co revés da man e ficou un pedazo mirando para o lume.

Non se oía máis que arder a leña, escachar a casca das castañas na caniceira, e algunha vez o aire fóra, que andaba coas follas secas. Algo tamén, moito menos, o río da Cabalar, aló para abaixo.

Principiaba a topeñar o Anxo, cando lle pareceu que sentía así coma se andasen rañando na porta...Púxose a espreitar un pouco inquedo, reparando ben: non sentiu nada. Que ía ser ... E mais... agora si... agora si que era certo; agora andaban rañando na porta...

Que me leve o demo se non anda aí –pensou o Anxo.

E aínda cheo de medo, ergueuse caladiñamente e apañou a machada... A cousa ía de veras: agora trequeleaban na porta, e con forza... Con tanta forza que estalaban as táboas. O Anxo meteuse atrás do lume...

De súpeto, o arreguizo astral correulle desde as uñas dos pés ao coiro da testa, e todos os cabelos se lle puxeron de punta: na porta había unha fendedela, e por ela pasaba a pata dianteira dun lobo grandísimo. Unha pouta negra, grande, con uñas afiadas que relucían.

O Anxo non quixo ver máis. Caladiñamente agatuñou pola parede, e foise acochar por riba da caniceira. Desde alí miraba para a porta morto de medo.

Castañeira é o tempo en que se recollen as castañas, no outono.

Pola porta apareceu un fociño longo, con dentes brancos que en poucos instantes fixeron saltar as táboas, e polo burato colouse no sequeiro o lobo da xente.

O Anxo vira o lobo moitas veces. Mais lobo coma aquel, tan negro, tan peludo, tan espantosamente grandísimo, con aqueles ollos, sanguíñentos e relucentes, que escintilaban máis ca o lume da lareira, con aqueles dentes brancos e afiados coma navallas, aquel fociño mouro, lixado de sangue fresco, aquelas poutas grandes coma as dun oso, como aquel nunca, endexamais outro vira. O Anxo, acochado na caniceira, tremaba coma unha vara verde, mais non rebuliu.

O lobo da xente foise chegando ao lume como con receo. Andou cheirando o banco, a machada que o Anxo deixara no chan, a navalla e o pan riba do banco, e logo ficou quedo un pedazo. O Anxo sentíao alentar, coma cando vai canso.

Despois, aquela si que foi: o lobo da xente comezou a rebulir, foi soltando a pelica, e apareceu de súpeto transformado nunha rapaza fermosa, como un caravel recién aberto. Non levaba máis ca a camisa, e os cabelos escuros con reflexos dourados estaban despeiteados e soltos e chegábanlle moito máis abaixo do medio corpo.

Sentou no banco, a rente do lume, e púxose a quentar. Debía vir aterecida, e o Anxo, que non lle quitaba os ollos, viu que pola faciana, branca coma a dun defunto, lle ecoaban regueiros de bágoas. Logo tapouna coas mans e estalou saloucando e chorando tan amargurada, que ao Anxo partíase a alma.

Mais nisto alumouse cunha idea toda a conciencia do rapaz: o caso foi que pegou nunha vara que había na caniceira, e sacando un brazo, pillou coa vara a pelica do lobo da xente, que a rapaza tiña ao pé dela, e botouna no lume.

A rapaza botou un berro adoecido:

- Ai pel, váleme! Váleme, miña pel querida!

A pelella revoltábase enrabexada para fuxir do lume, e tiraba por irse para onde a moza, mais o Anxo tíña a presa coa vara e non a deixaba escapar. E a pelica rebulía e asubiaba, mais ao fin foise queimando ata que ardeu toda.

Entón a rapaza ergueu os ollos verdes, onde escintilaban palliñas de ouro, e díxolle ao mozo docemente:

- Baixa, baixa, que me libraches, non teñas medo de min!

O Anxo baixou da caniceira e veuse sentar onda ela. Ela díxolle:

- Foi miña nai quen me botou a fada, mais ti quitáchesma.

Preguntou o rapaz:

- Como foi para che botar a fada?

- Pois verás. Eu son filla do señor Farruco de Navea que Deus teña na gloria; era eu meniña pequecha cando morreu meu pai, e miña nai casou cun de San Clodio, e viñeron para a casa. De principio non me daba tino ningún nin me falaba. Eu sacaba a facenda ao monte, cociñaba para eles, cociñaba para os porcos, ía á roza e ás patacas; eles ían ás festas, e Castañeira é o tempo en que se recollen as castañas, no outono.

deixábanme soa na casa, levaban empanadas e viño... Mais de que fun medrando, aínda que miña nai non levaba ben que eu fose, o home principiou a me querer levar con eles ás festas, e aínda lle dixo unha vez a ela que se ela non quería vir que íamos os dous, el e mais eu ... E dar, dábame máis agarimo que a mi madre... Máis ao fin, un día andando na roza, achegouse a min, e eu que lle coñecía a intención porque lle vin os ollos, e que non tiña que me puidera valer, defendínme e leveille unha man co fouciño...

Cando o trouxeron ferido para a casa, a miña nai púxose enrabechada como un can doente; botouse a min, que se non a collen as veciñas, alí dá conta da súa filla de rabiosa que estaba, e como non me puido bater, volvíase tola e berraba:

“Vaite da casa, mala muller! Mala filla! Filla dun lobo! Permita Deus que te volvas loba, e que andes arrastrada polo monte coma os lobos, mala filla!

Fada que me botou, fada que me saíu. Non sei que me deu aquela noite que me puxen coma tola: esgacei as sabas coas uñas e trinceina cos dentes e principiei a berrar e ouvear coma un lobo...

A miña tía foi onda unha veciña que era entendida. Veu a veciña e referinlle todo. Entón ela dixo: Esa é a fada que túa nai che botou. Mira, filla, a fada non a pode quitar nin o mesmo que a bota, aínda que logo se arrepinta. Éche igual que o aire cativo, e o mal ollado, e o meigallo. E ti has andar polo monte, con pel de lobo, mentres non pasen os anos que teñen que pasar, ou mentres non perdas a pel de lobo, mais entón, o mellor é que a queimen, que se non, estea onde estea, non has parar ata que a volvas coller.

E así foi. Aquela noite, que era a terceira, non sei que me pasou pola testa, que me fun da casa e non volví...E andei perdida, cumprindo a miña fada, ata hoxe, que dei contigo. Deus cho pague que me volviches á vida dos cristiáns!”

Non hai para que dicir. O conto remata referindo que Anxo e mais a moza casaron.



1. Investiga acerca do autor do relato: a que etapa viviu? De onde era? A que xeración pertenceu? Que revistas creou? Que ideas defendía? Que libros en prosa publicou?

Castañeira é o tempo en que se recollen as castañas, no outono.

2. *Le o relato e contesta estas preguntas?*

- a) *Quen son os protagonistas principais?*
- b) *Quen son os secundarios?*
- c) *Onde se desenvolve a acción?*
- d) *Que é un souto?*
- e) *Que é a castañeira? Cando ten lugar?*
- f) *Que é unha lenda?*
- g) *Investiga sobre a lenda do lobishome e explícaa.*
- h) *Di o significado destas palabras aparecidas no texto (usa un dicionario): poutas, faciana, saloucar, escintilar, botar a fada, meigallo.*
- i) *Agora que sabes a definición fai unha oración con cada palabra*
- j) *Repaso da descrición: busca no texto dúas descricións e cópiaas no caderno.*

Repasa a teoría sobre a acentuación e despois acentúa estas palabras:

- k) *Dime dunha vez se ves ao cine ou non ves. Eu penso que debes vir, non ves que se non ves, non teras outra oportunidade de ver esa película?*
- l) *Na rúa onde vivía miña tía había un baul que so se vía de día, aínda que de noite saía a lua e alumabao.*